

MAPA ÁREAS LITOLÓXICAS – XUÑO 2012

Atendendo ao documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):


a) Enumere as 4 unidades do relevo marcadas coas letras A, B, C, D no mapa (1 punto).

b) Comente o documento atendendo ás seguintes cuestións:

· Identifique o documento e complete a súa lenda coas áreas litolóxicas que lle correspondan. (1 punto)

· Orixe xeolóxicas e localización de cada área litolóxica representada (1 punto).

· Rochedo predominante e exemplos de modelado correspondentes a cada área litolóxica (1 punto).



a) Enumere as 4 unidades do relevo marcadas coas letras A, B, C, D no mapa (1 punto):

A.- Cordilleira Costeira-Catalá

B.- Montes Vascos

C.- Montes de Toledo

D.- Serra da Tramontana

b) Comente o documento atendendo ás seguintes cuestións:

· Identifique o documento e complete a lenda (1 punto):

Mapa da Península e arquipélagos canario e baleares de tipo corocromático-temático coa trama de provincias, a rede fluvial principal e a representación corocromática da litoloxía predominante na península e nos arquipélagos.

Número 1 coa cor verde: Área silícea

Número 2 coa cor vermella: Área calcaria

Número 3 coa cor amarela: Área arxilosa

Número 4 coa cor azul: Área volcánica

· Orixe xeolóxicas e localización de cada área/dominio (1 punto):

Área silícea:

- Rochas moi antigas, do Precámbrico e do Paleozoico que foron antigos macizos arrasados.

- Localízanse nas rexións nas que aflora o vello zócalo herciniano da Meseta e en zonas de outros macizos antigos. Todo o terzo oeste peninsular (excepto zona de Lisboa) e se estende cara o oeste da Cordilleira Cantábrica, Sistema Central, Montes de Toledo e Serra Morena; e formando manchas illadas, no eixe central dos Pireneos, Penibéticas, algunhas serras do Sistema Ibérico e a Cordilleira Costeira-Catalá.

Área calcaria:

- Rochas sedimentadas durante o Mesozoico e comezos do Terciario que co pregamento alpino formaron os conxuntos montañosos da zona oriental española.

- Esténdese formando unha Z invertida, desde as costas catalanas ata o estreito de Xibraltar. Pireneos, Sur da Cordilleira Costeira-Catalá, Montes Vascos, e metade oriental da Cordilleira Cantábrica, Sistema Ibérico e Subbéticas. Domina no arquipélago balear, salvo as chairas centrais.

Área arxilosa:

- Rochas que foron depositadas a finais do Terciario e no Cuaternario.
- Se estende polas depresións terciarias: as concas castelás, as depresións do Ebro e Guadalquivir; as chairas litorais mediterráneas e a depresión do Sado-Texo.

Área volcánica:

- Nas erupcións volcánicas durante a era terciaria, ascenderon masas de rochas volcánicas.
- Illas Canarias e zonas da península como Cabo de Gata, Olot e Campo de Calatrava.

· Rochedo predominante e exemplos de modelado correspondente (1 punto):

Área silíceas:

- Poden ser metamórficas como as lousas, xistos ou gneis, ou ígneas como o granito.
- Relevo granítico: áreas pardoamarelas, cristas, pedregais, domos, barrocais, caos granítico.

Área calcárea:

- Rocha predominante e a calcárea.
- Relevo cárstico: lapiás, foces, poljés, dolinas, covas e simas.

Área arxilosa:

- Rochas como as arxilas, margas e xesos.
- Forman relevos basicamente horizontais, por non sufrir pregamentos posteriores. A súa rápida erosión xera:

o Zonas de escasa vexetación: cárcavas que poden orixinar os badlands.

o Zonas onde a erosión dos ríos abriu vales que separan estruturas horizontais con alternancia de materiais e orixinan chairas suavemente onduladas: as campiñas.

Área volcánica:

- Segundo a viscosidade da lava e a proporción de produtos sólidos poden ser: lapilli, escorias, bombas volcánicas ou coladas.

- Formas máis características: conos volcánicos, calderas, domos, malpaíses, diques, barrancos volcánicos.